

CICLO  
**SEN**  
**NUMERAR**  
OUTONO 2024

FORUM  
METROPOLITANO

**SEN NUMERAR** é un ciclo de artes escénicas para público xuvenil e adulto, de espectáculos de pequeno e mediano formato próximos ao público.

**SEN NUMERAR** é un ciclo de artes escénicas que conta coa colaboración do AGADIC.

Este outono presentamos unha oferta de 5 espectáculos de xéneros diversos, de contidos actuais, de estéticas diferentes....

CICLO  
**SEN**  
**NUMERAR**  
OUTONO 2024

FORUM  
METROPOLITANO

**LUGAR**

Fórum Metropolitano.

**HORARIO**

ás 20.30 h.

**ENTRADA:**

9,00 €

Carné Xove, maiores de 65 e persoas desempregadas: 7,00 €

**VENDA DE BILLETES**

• [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com)

• Despacho de billetes da praza de Ourense (agás festivos): de luns a venres de 11.00 h a 15.00 h e de 16.30 h a 19.30 h.

• Despacho de billetes do Fórum: desde unha hora antes do comezo do espectáculo (sempre que queden entradas dispoñibles).

**PAGAMENTOS**

No despacho de billetes da praza de Ourense, do Fórum e na televenda con tarxeta de débito ou de crédito, agás American Express.

**ACCESO**

**Cousas que debes saber antes de virnos ver:**

- Pídese puntualidade, non se permitirá acceder á sala unha vez que empece a función.
- Todas as persoas que accedan á sala na que terá lugar a función deben facelo con entrada con independencia da idade que teñan e de ocupar ou non butaca.
- Non está permitido entrar á sala con comida nin bebida.
- Os móbiles permanecerán apagados ou en silencio durante o espectáculo.
- Non está permitido sacar fotos nin gravar durante a función.

**E DESPOIS DO ESPECTÁCULO**


Se che gustou, compárteo nas redes sociais ou deixándonos un comentario no noso correo

[forummetropolitano@coruna.gal](mailto:forummetropolitano@coruna.gal)



**MÁIS INFORMACIÓN:**  
[www.coruna.gal/cultura](http://www.coruna.gal/cultura)

ORGANIZA



COLABORA



CICLO  
**SEN**  
**NUMERAR**  
OUTONO 2024

FORUM  
METROPOLITANO



Depósito legal: C 1233-2024



**Dirección:** Xosé Leis  
**Elenco:** Martín Espantoso, Marcos Fernández, Laura Estelo  
**Escenografía, deseño son e deseño iluminación:** Naila Rodsua  
[www.martinespantoso.es/codigo-azul](http://www.martinespantoso.es/codigo-azul)

## TOLÓPTICA, UN PERDEDOR DE PRIMEIRA

**Autoría:** Ismael Gil Candal | **Compañía:** Código Azul  
**Sábado 21 de setembro de 2024, ás 20.30 h**

**Comedia** | 80 minutos | Idioma: galego

Leo e Brais, dous empresarios da óptica Tolóptica, asisten á 24ª convención de Tolóptica, na que entregarán os premios ao mellor vendedor de primeira clase da empresa, entre outros.

Leo é un axente distribuidor nato, puntual, pulcro e meticuloso, mais ao mesmo tempo moi egocéntrico; mentres que Brais é máis despreocupado, tranquilo e sinxelo, un home que comunica unha actitude riseira e empática alá por onde pasa.

Leo chega con moita antelación ao evento e toma medidas do escenario para facerse unha idea de como se vai levar a cabo a gala. Brais, atraído pola curiosidade das accións de Leo, decide acompañalo durante o evento.

Ao fio dunha sociedade individualista e materialista, Código Azul propoñe expoñer en forma de comedia negra un espectáculo que poña o espello sobre as situacións cotiás que nos corrompen.



**Dirección:** Diego Rey  
**Elenco:** Marta Ríos e Dani Trillo  
[taliateatro.gal](http://taliateatro.gal)

## DESEXO

**Autoría:** Diego Rey | **Compañía:** Talía Teatro  
**Venres 4 de outubro de 2024, ás 20.30 h**

**Comedia** | 70 minutos | Público: +12 anos | Idioma: galego

Que é o que máis desexas nesta vida?  
Queres fama? Diñeiro? Poder? Amor? Sexo?  
Ata onde chegarías para conseguilo?  
Amosarías detalles íntimos da túa vida?  
Ensinarías o teu corpo por diñeiro?  
Que farías para evitar que a túa parella te deixase?  
E para conseguir seguidores?

*DeseXo* é unha comedia na que seguiremos a varios personaxes a través das súas publicacións nas redes, vendo como van afrontando o seu día a día, as súas relacións, os seus desexos e os seus medos.

É unha obra sobre a pornografía, tanto a real como a social; unha reflexión cómica sobre un mundo que cada vez vai máis rápido, onde aprendemos nas redes, e onde todo, absolutamente todo, queda exposto.



**Dirección:** Kennebec  
**Elenco:** Iria Pinheiro e Mónica de Nut

## KENNEBEC

**Autoría:** Iria Pinheiro e Mónica de Nut | **Compañía:** Iria Pinheiro  
**Venres 25 de outubro de 2024, ás 20.30 h**

**Narración oral** | 60 minutos | Idioma: galego

Iria Pinheiro e Mónica de Nut presentan *Kennebec*, un proxecto innovador de música experimental e electrónica.

O espectáculo racha cos estereotipos na música e explora os límites da palabra e das obras creativas.

Un concerto experimental que combina música electrónica e textos poéticos, promete mergullar a audiencia nunha viaxe artística inusual e cativadora. A fusión das traxectorias artísticas de Mónica de Nut, a cargo das sonoridades, e Iria Pinheiro, autora dos textos, dá lugar a unha experiencia única que explora novas formas de traballar coa palabra.



**Dirección:** Chiqui Pereira e Nuria Sanz  
**Elenco:** Paula Carballeira, María da Pontragha, Vero Rilo  
[berrobamban.com](http://berrobamban.com)

## MULLERES QUE VIVEN SOAS

**Autoría:** Paula Carballeira | **Compañía:** Berrobambán  
**Venres 8 de novembro de 2024, ás 20.30 h**

**Comedia** | 50 minutos | Público: +14 anos | Idioma: galego

As mulleres que viven soas sempre foron sospeitosas. Sospeitosas de amargura, de escuridade, de intencións ocultas. As mulleres que viven soas son bruxas.

Protagonizada por tres mulleres, as Tres Bruxas que profetizan o ascenso de Macbeth ao trono na peza de Shakespeare. Tres bruxas que encarnan os males deste mundo que nos serven de referencia para rir da diferenza entre como nos ven (ou nos contan) e como nos sentimos nós dentro das nosas casas. #MQVS é un espectáculo híbrido entre o teatro documental, a *stand-up comedy* e o teatro isabelino interpretado por tres das contadoras de historias máis relevantes do país: Paula Carballeira, María da Pontragha e Vero Rilo. Tres mulleres excepcionais para dar voz e corpo a historias reais e personaxes femininas de ficción.



**Dirección:** Manuel Pombal Pérez  
**Intérpretes:** Stephy Llyayora e Sergio Macías

[destexeito.com](http://destexeito.com)

## NEURA

**Autoría:** Manuel Pombal Pérez | **Compañía:** Stephanie Maybelle Llyayora  
**Xoves 5 de decembro de 2024, ás 20.30 h**

**Teatro** | 75 minutos | Idioma: galego

*Neura* é unha comedia que aborda o tema da saúde mental, iso si, con minúsculas. Os nosos protagonistas conviven con teimas propias e alleas. Tentan agochar algunhas, exhiben outras orgullosos; en ocasións búscanlles tratamento, pero sempre sofren por elas.

*Neura* non é unha comedia romántica: Edu e Sonia, xa viviron no pasado a súa historia de amor e desamor que terminou precisamente por mor deses pequenos trastornos. Non son amigos, non son amantes. Son esa categoría difusa á que chamamos “ex”. Xente da que sabemos ata o seu grupo sanguíneo, pero coa que actuamos coma perfectos descoñecidos.

Os azares da vida fan que volvan atoparse en distintas circunstancias.

Situacións novas e sorprendentes que nos farán viaxar dun xeito hilarante a través do mundo dos trastornos e a saúde mental.

*Neura* é unha comedia neurótico-festiva na que todos e todas nos veremos reflectidos e reflectidas.

A mellor terapia: rir de nós mesmas!



CICLO  
SEN  
NUMERAR  
OUTONO 2024